

A Coruña, 14 de marzo de 2024

Señor Indalecio Cabana Leira:

Nós, as ANPAS dos colexios públicos **Alborada, Salgado Torres e Manuel Murguía**, poñémonos en contacto con vostede para presentar unha queixa sobre o proceso de admisión do centro IES Elviña para os nosos centros.

Somos un grupo de nais/pais/titores de nenos/as que están cursando sexto de Primaria, e que comezarán o vindeiro curso os seus estudos na Educación Secundaria Obrigatoria.

Os nosos centros educativos están adscritos ao Instituto de Elviña, e ante os reiterados casos que veñen ocorrendo dende hai anos, os nosos alumnos non teñen asegurada a continuidade dos estudos de secundaria no centro que a Xunta lles outorgou. Isto esta a xerar un malestar máis que palpable entre as familias e alumnos, que non entenden o errático proceder en falta de previsión con que EDUCACIÓN está a levar ante a masificación da solicitude de prazas para un mesmo centro. O IES de Elviña ten adscrito catro Centros de Primaria, e debido a iso, as solicitudes presentadas no proceso de preinscripción superan amplamente as prazas ofertadas.

Requerimos que: **SE ACEPTA A TODO O ALUMNADO, dos centros que suscriben esta petición**

Por este motivo queremos expoñer o seguinte:

- De non aceptar os nenos e nenas dos centros adscritos, dispersaranse rapaces que pertencen a un mesmo barrio por distintas zonas da cidade, en institutos sen transporte escolar, desorganizándose así ás familias e obrigando a estes rapaces a ter que madrugar máis do necesario durante toda a etapa educativa para chegar a un centro non elixido, por estar este máis lonxe que o que lles correspondería.
- Tamén se provocaría a separación de grupos de amizade, vínculos moi importantes en todos os momentos da educación e máis aínda nestas idades. Esta separación pode ter consecuencias indesexables e impredecibles, estaríamos a interferir polo tanto de forma moi negativa no desenvolvemento social e emocional dos menores, sobre todo tendo en conta as idades temperás nas que se daría.
- No caso de todos os nenos/as, e de xeito especial na gran parte do alumnado do centro que non ten irmáns, os/as fillos/as únicos, os lazos afectivos que se crean co seu grupo de iguais son fundamentais para o seu benestar, e xogan un papel fundamental na súa formación como adultos. Claramente interpretarían estas separacións como castigos totalmente inxustos.
- Hai moitos rapaces que teñen irmáns pequenos/as que, en vindeiros anos, pasarían ao instituto polo que podería darse o caso de que cursasen os seus estudos en dous centros diferentes, coas dificultades de organización e conciliación que isto levaría.
- Moitas familias escollemos os nosos CEIP pensando na futura escolarización no IES de Elviña, ben por conciliación, ou proximidade.

Polo que reclamamos que se nos garante que os nosos fillos/as poderán cursar primeiro da ESO no Instituto que a **XUNTA DE GALICIA, por medio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que adscribiu o IES Elviña a os nosos centros,** habilitándoo para que poida atender á demanda de zona que ten. Deste xeito se nos permitiría así conciliar o horario laboral co horario lectivo, de forma similar a como o estabamos facendo ata o momento; axudando así, a que os rapaces poidan seguir reforzando vínculos xa creados e beneficiosos na súa evolución personal, aproveitando a posibilidade de que poidan ir camiñando ao centro, avanzando na súa autonomía e facilitando con todo isto o tránsito da educación Primaria a Secundaria do xeito máis natural posible, atendendo tanto a criterios Educativos como de Conciliación Familiar.

Coa firme convicción de que debemos cohesionar en lugar de dispersar, educar e formar, atendendo a criterios educativos, pedagóxicos e sociais, asinamos este escrito esperando unha resposta adecuada ao mesmo.

A atención de:
D. Indalecio Cabana Leira
Xefe Territorial da Consellería de Educación